

Transporte metropolitano: si, pero non así

Nun boletín anterior explicabamos que iamos **votar en contra do convenio do transporte metropolitano** por diversos motivos. Daquela aínda non coñeciamos o informe de secretaría e intervención. Supoñemos que non se nos entregou antes debido a que destapa todas as vergoñas e eivas deste convenio.

Ante estes informes, parécenos una total **irresponsabilidade por parte do PP** votar a favor deste convenio. **Irresponsabilidade da que son cómplices o PSOE e BNG.**

Tanto o PSOE coma o BNG tacharon de electoralista este convenio, recoñecendo que estaba cheo de eivas e imprecisións. Chegando a dicir o voceiro do PSOE que era una auténtica chapuza. O BNG afirmou que loitaría por melloralo; o que non explicou é que para poder melloralo, debería gobernar na Xunta, xa que esta ten a maioría da representación no órgano destinado á regulación deste convenio.

Este convenio non contempla o transporte entre as parroquias, nin o tren de proximidade, nin o transporte urbano en Vigo, non contempla a intermodalidade (tren, bicicleta ou futuro tranvía), facendo unicamente unha vaga mención ao transporte marítimo.

Por todo o anterior e polo informe dos técnicos do Concello, preguntámonos por que o PSOE e BNG non votaron en contra e deixaron que se aprobara este convenio. Pecan do electoralismo do que acusan o PP. Parece que teñen medo a, tal como afirmou un alcalde do PP, se votaban en contra, explicarllo á cidadanía.

Deixámosvos cunha serie de puntos a destacar do informe dos técnicos e do convenio:

- Pagamos por anticipado sen saber o custe real.
- O convenio “subvención” **non ten teito de gasto** e non estipula as cantidades a pagar polo Concello de forma precisa. Asinarías unha hipoteca , dun custe mínimo anual superior 50.000€, sen saber o que te vai supoñer o seu pago?. Tendo ademais que afrontar o pago de mantemento e promoción que non están valorados nin recollidos neste mínimo de 50.000€.
- **A Deputación non aporta** cantidade económica algunha, cando debería ser así. Estes días puidemos ver como o Concello de Gondomar non aprobou o convenio, e agora a Deputación si que aporta unha cantidade de 20.000 euros para este concello.
- Ao non entrar Vigo (municipio de cabeceira) no convenio, subvencionamos á veciñanza de Vigo sen que a veciñanza de Redondela poida beneficiarse das subvencións existentes no transporte urbano de Vigo.

- A fórmula escollida para a actualización do custe do convenio non é legal.
- Non é competencia do Concello, senón competencia da Área Metropolitana.
- Se o Concello decide saír do convenio, tería que seguir mantendo as infraestruturas instaladas.
- A xunta de Galiza, conxuntamente con 14 concellos da área metropolitana de Vigo, leva a cabo unha **SUBVENCIÓN ENCUBERTA DE BILLETES**. Sendo **os únicos beneficiarios as empresas concesionarias** de transporte, sen que se contemple unha rebaixa na aportación dos concellos a pesar do posible aumento do número de usuari@s.

En definitiva, un convenio chapuceiro e electoralista ao que os nosos compañeiros de oposición non se opuxeron.